

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	34
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	36
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	36
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	38
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	41
7.2. Actividades complementarias	42
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	42
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	44
9. Outros apartados	44

1. Introducción

Programación de Lingua galega e literatura de 1º da ESO do CPI de Fonte Díaz

Un ano máis toca planificar o que poden ser estes meses de docencia. Resulta moi difícil poñer por escrito os soños e aspiracións para tantas xornadas que han de vir. Isto semella aínda máis complicado en momentos nos que aparecen mudanzas e se afianzan novas leis, que supoñen retos e tamén oportunidades. En primeiro da ESO contamos este ano con 20 alumnas e alumnos. Grazas a un estupendo traballo do Equipo de Orientación neste comezo de curso xa coñecemos parte das necesidades especiais do alumnado, o que non debe facer que tiremos conclusións prematuras, pero pode axudar a previr conflitos ou dar unha atención temperá a necesidades que podían estar agochadas. Tentaremos logo estar á altura do que a rapazada precisa e merece.

O CPI de Fonte Díaz está formado por rapazas e rapaces maioritariamente galego falantes. Alén diso, o seu dominio da oralidade no idioma propio e da cultura campesiña é amplo, pero cada vez menor. Á parte, entre a cativada xa comeza a estar presente o castelán como lingua materna, cousa que ata hai uns anos non acontecía. Do mesmo xeito, a perda de sinais identitarios como a microtoponimia ou mesmo os referentes campesiños está dando lugar a unha realidade híbrida na que a lingua toma uns novos referentes nun proceso acelerado de cambio. En lingua galega e literatura toca, polo tanto, afianzar actitudes e aqueles aspectos do currículo que poñan freo ás carencias que imos notando. Todo isto non debe facernos esquecer o uso ético da linguaxe para poñer as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade. Alén diso, a nosa materia ha contribuír ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Como é lóxico, en 1º da ESO estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria e han buscar maior autonomía do alumnado.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

O desenvolvemento desta programación require prestar especial atención á avaliación inicial, que andamos a facer estes días, xa que a partir dela poderemos optar por algúns instrumentos de axuda á diversidade e tamén saberemos do lugar dende o que partimos. Do mesmo xeito, ao logo do curso iremos valorando o grao de desenvolvemento do aquí programado.

Por outra banda, no CPI de Fonte Díaz celebramos o "Ano do bosque", polo que procuraremos adaptar actividades a esta temática, dende o vocabulario a parte das lecturas seleccionadas. O bosque ha servir como fío que nos permita ir mellorando as competencias e traballarmos o currículo. Por iso, nesta programación didáctica de 1º de ESO, os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas nomeadas con nomes referidos a aspectos do bosque.

Ademais, temos claro que, de novo, un aspecto definatorio do curso será a celebración do Día das Letras Galegas. Para o ano 2023 a RAG elixiu a Luísa Villalta, poeta que morreu moi nova e que supón o afianzamento de novas linguaxes e olladas na literatura galega. A súa figura ha servir para tratar os novos camiños e tamén o valor da creatividade e das artes, alicerces dende os que se achegar a un mundo multicultural e diverso. Temos a seguridade de que as actividades que propoña o EDL Movealingua do noso CPI serán acaídas e motivadoras para a rapazada de 1º da ESO.

Alén de todo o anterior, quixeramos facer notar que a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso inclúe nocións básicas de lingua portuguesa. Isto atópase en liña coa Lei Valentín Paz Andrade, Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión

Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas con vínculos históricos e estruturais, algo que acontece co galego e o portugués. Para procurarmos todo isto, tentaremos establecer algún tipo de intercambio virtual cun centro de ensino do Ceará, Brasil. A escolla da variedade brasileira ten que ver non só coa mellor intercomprensión desta co galego, senón tamén coa fortuna de ter alumnado no centro que ten esta lingua como materna, o que supón unha oportunidade para toda a comunidade educativa.

En canto á lectura, consideramos que é un labor importante dende a nosa materia fomentar o seu gusto, alén de que é a base para ir construíndo todas as competencias, que farán libre e autónomo o alumnado. Posuímos, na LIX da literatura galega, un número de obras de altísima calidade, alén de traducións doutros sistemas literarios, polo que se proporá unha listaxe de libros por trimestre. Nos libros de lectura abordaranse temáticas diferenciadas e tamén tentaremos que inclúan varios xéneros literarios.

Comecemos o camiño!

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1 A fraga florecida	Nesta primeira unidade do curso propónse como eixo condutor a volta ao colexio despois das vacacións. Preséntanse os alumnos, sinalando o que a cada un lle pareza de máis interese para os seus compañeiros e compañeiras. A partir deste tema, vanse a traballar conceptos vinculados co vocabulario, a gramática, a ortografía, a literatura, a expresión oral, etc. para finalizar elaborando letreiros con pictogramas para colocalos no centro e así xerar conciencia de grupo.	10	12	X		
2	Unidade 2 Mil historias no souto	A unidade céntrase na importancia da comunicación. A partir dos tipos de comunicación trátase un dos medios de comunicación individual máis significativos como é a entrevista. Incídese no uso do dicionario, na acentuación de ditongos, tritongos e hiatos, na construción de frases e na literatura popular. Van participar nun concurso de lipogramas e van redactar unha lista de reprodución de cancións para participar nun karaoke na aula. Desta maneira, van construír a realidade a través do coñecemento e emprego da linguaxe. En relación cos contidos, van usar os dicionarios dixitais, utilizarán o acento diacrítico, identificarán o suxeito e o predicado de distintos tipos de oracións, etc. Propónse facer unha infografía dun contido académico e elaborar lemas, usando algúns recursos estilísticos, o que permitirá aos alumnos e alumnas adquirir habilidades que fomentan a creación de	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Unidade 2 Mil historias no souto	textos.	10	11	X		
3	Unidade 3 Onde o carballo se escribe carvalho	Nesta unidade, trabállanse algúns tipos de textos como transmisores de información persoal ou de interese literario; prestando atención ao uso e o goce da lectura de textos escritos durante o tempo de lecer. Vaise traballar este tipo de producións mediante a redacción dunha biografía, a elaboración dun proxecto de revista escolar e a creación dun microrrelato literario a partir dun anuncio. Por último, traballaremos nun observatorio lingüístico coa diversidade lingüística, centrándonos no galego e a lusofonía	15	12	X		
4	Unidade 4 Son un toxo!	Nesta unidade, o alumnado vai aprender a identificar palabras tabú e eufemismos, centrando a atención nas características diferentes do seu uso en narracións en vivo e en narracións escritas ou gravadas. A temática principal vai interrelacionar os contidos traballados na unidade coa reflexión sobre a comunicación e a vida en sociedade. Aplicaranse correctamente as normas ortográficas, especialmente, o uso da letra b; e identificaranse os substantivos en textos orais e escritos.	10	12		X	
5	Unidade 5 Que din os rumorosos?	Nesta unidade, sinálase a importancia de pertencer a un club de lectura, incidindo nas características dos personaxes e na narrativa persoal e xornalística. A partir desta temática, crearán un personaxe fantástico e converterano en protagonista ou antagonista. Vaise traballar a escritura de correos electrónicos e vaise a fomentar o desenvolvemento de actitudes e valores de igualdade. Os alumnos e as alumnas escribirán unha historia persoal e gravarana en vídeo, facendo unha crítica construtiva que lles permita aprender dos propios erros. Ademais, na unidade, ponse de manifesto a multidisciplinariade da lingua e a literatura a través da súa vinculación coa música. A partir de aquí, hanse traballar os contidos, relacionados coa descrición, a ortografía do h, os sinónimos e antónimos e os determinantes. Finalmente, propónse escribir una entrada de blog e un conto para participar nun concurso.	10	11		X	
6	Unidade 6 Así falamos	Nesta unidade didáctica, trabállase a descrición de persoas e lugares desde un punto de vista da contorna próxima. Isto vai desencadear que os alumnos e as	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Unidade 6 Así falamos	alumnas fagan unha reflexión e expresen as súas opinións e xuízos tendo en conta os sentimentos dos interlocutores. Partindo desta situación vanse traballar outros contidos da lingua, como a ortografía do x ou o uso do dígrafo ll. Os alumnos e as alumnas crearán un retrato e farán a súa propia caricatura. Proporase facer unha presentación dixital de seres da nosa mitoloxía, fomentando o traballo en grupo e a colaboración. Por último, traballaremos nun observatorio lingüístico coa variación lingüística centrándonos nos niveis, rexistros e dialectos.	10	12		X	
7	Unidade 7 E ti que pensas?	Nesta unidade didáctica, trabállanse o diálogo e o debate desde un punto de vista do interese e das inquietudes persoais. Isto vai desencadear que os alumnos e as alumnas fagan unha reflexión e expresen as súas opinións e xuízos tendo en conta os sentimentos dos interlocutores. Partindo desta situación vanse a traballar outros contidos da lingua, como o uso dos signos que limitan enunciados ou as características dos pronomes. Os alumnos e as alumnas crearán un cómic a partir dun texto narrativo, fomentando os valores cívicos e o respecto aos demais.	10	12			X
8	Unidade 8 Lixo no monte!	Ao longo da unidade, propónse a reflexión persoal sobre os hábitos e as pautas adecuadas para reciclar e protexer o planeta. Relaciónase esta temática con diversos contidos da lingua; traballarase a exposición, realizarán unha presentación oral e farán un mural dixital sobre mulleres galegas destacadas, sinalando a importancia da igualdade real entre home e mulleres. Prestarase atención ao uso da coma e do punto e coma, así como ao de hipónimos e hiperónimos, na creación de exposicións orais e escritas. Ademais, céntrase na relación entre a Lingua e a comunicación en Internet. Incídese no uso correcto dos dous puntos, do guión e da raia, así como no coñecemento da conjugación verbal, tamén nas contornas dixitais. Desde esta perspectiva, os alumnos e as alumnas reescribirán un poema usando unha estrofa diferente e prepararán un vídeo sobre boas prácticas en Internet.	10	11			X
9	Unidade 9 Cando a poesía é música.	Nesta última unidade do curso, expónse unha reflexión sobre o Día das Letras, analizando os diferentes xéneros	15	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Unidade 9 Cando a poesía é música.	xornalísticos e elaborando unha guía anti-troll para detectar fake news. Incidirase no uso correcto das parénteses e das comiñas, así como no coñecemento das familias de palabras. Os alumnos e as alumnas van organizar a representación dun texto cómico, desenvolvendo un pensamento ético baseado no respecto e a empatía por outras opinións. Farán tamén un observatorio lingüístico sobre usos e actitudes lingüísticas e a situación do galego na actualidade.	15	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1 A fraga florecida	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado identifica as nocións básicas do galego e do castelán, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.	PE	80
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica e muda calquera prexuízo lingüístico e valora as variedades dialectais.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Muda os elementos discriminatorios da lingua tanto de índole sexista como racial.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Interpreta e comprende o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mantén actitudes de participación activa, cooperación e cortesía lingüística, expresándose con precisión léxica, gramatical e ortográfica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Contrasta a información de textos escritos, seleccionando diferentes fontes desde un punto de vista crítico.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado comprende a intención do emisor en textos orais.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Avalía a forma e o contido de textos orais e valora a eficacia dos procedementos de comunicación utilizados.	TI	20
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Realiza intervencións orais aténdose ás normas de cortesía. Respecta as quendas e rexistros lingüísticos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado mostra actitudes de escoita activa en procedementos comunicativos e comproba a súa fiabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2 Mil historias no souto	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado identifica as nocións básicas do galego e do castelán. Analiza os riscos da fala de Touro.	PE	80
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Adopta unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e da fala de Touro.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende a intención do emisor en textos orais.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planifica e escribe textos que respectan a adecuación, coherencia e cohesión.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Interpreta e comprende o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo, neste caso literatura popular.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Mostra actitudes de escoita activa en procedementos comunicativos, comprobando a súa fiabilidade.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relaciona os textos multimodais con outras manifestacións artísticas e culturais, neste caso a música.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mantén actitudes de participación activa, cooperación e cortesía lingüística. E exprésase con precisión léxica, gramatical e ortográfica.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Contrasta a información de textos escritos, seleccionando diferentes fontes desde un punto de vista crítico.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Detecta as distintas variacións da adecuación lingüística.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece os aspectos básicos de comportamento da lingua (frases e oracións). Emprega as ferramentas que se poden usar para un correcto uso da linguaxe.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Avalía a forma e o contido de textos orais, valorando a eficacia dos procedementos de comunicación utilizados.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Realiza intervencións respectando as quendas, normas de cortesía e estratexias cooperativas.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Resume e valora textos lidos. Emprega para iso a argumentación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3 Onde o carballo se escribe carvalho	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado identifica as nocións básicas do galego e do portugués. Coñece as súas relacións e diferenzas.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica as nocións básicas do galego e do castelán e das distintas falas do galego.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Adopta unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Avalía a forma e o contido de textos escritos, valorando a eficacia dos procedementos de comunicación utilizados, neste caso dun anuncio.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planifica e escribe textos que respectan a adecuación. coherencia e cohesión.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalingüaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e mellora os propios textos. Emprega para iso os conceptos metalingüísticos estudados na aula como as normas de acentuación.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Revisa e muda os prexuízos lingüísticos e abusos a través da linguaxe verbal e non verbal.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Interpreta e comprende o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo. Neste caso traballaremos artigos dunha revista escolar.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mellora textos propios e alleos tendo en conta os distintos aspectos do discurso como son o sentido literal e figurado.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalingüaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Mantén actitudes de participación activa, cooperación e cortesía lingüística. Exprésase con precisión léxica, gramatical e ortográfica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Comprende a intención do emisor en textos orais.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Interpreta e comprende o sentido dos textos multimodais sobre distintos temas e propósitos, neste caso dunha revista escolar.	TI	20
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Selecciona lecturas a partir dunha lista ofrecida na aula.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Resume e valora de xeito argumentativo as obras lidas, clasificando o seu xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4 Son un toxo!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado identifica as nocións básicas do galego e do castelán.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Adopta unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planifica e escribe textos que respectan a adecuación. coherencia e cohesión.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e mellora os propios textos, empregando os conceptos metalingüísticos estudados na aula como a connotación. Fíxase na ortografía do b e do v.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Xustifica a relación entre adecuación lingüística e propósito comunicativo.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Revisa e muda os prexuízos lingüísticos e abusos a través da linguaxe verbal e non verbal.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relaciona os textos multimodais con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos con gusto estético, empregando linguaxe artística e literaria, neste caso escribirá unha narración.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado avalía as distintas actitudes lingüísticas que existen na actualidade con respecto ao galego.	PE	80
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado adopta unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planifica e escribe textos que respectan a adecuación, coherencia e cohesión.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	É quen de resumir textos, valorar as fontes e rexeitar o plaxio. Rexeita, mediante o contraste, a información falsa da internet e identifica aqueles contidos que sinalan prexuízos raciais, sexistas ou negacionismo histórico, científico ou climático.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e mellora os propios textos, empregando os conceptos metalingüísticos estudados na aula como os xéneros xornalísticos.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Xustifica a relación entre adecuación lingüística e propósito comunicativo.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Interpreta e comprende o sentido dos textos multimodais sobre distintos temas e propósitos, neste caso un texto cómico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Interpreta e comprende o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo, neste caso unha reportaxe.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relaciona os textos multimodais con outras manifestacións artísticas e culturais, neste caso o teatro.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos con gusto estético, empregando linguaxe artística e literaria.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mellora textos propios e alleos tendo en conta os distintos aspectos do discurso.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Contrasta a información de textos escritos. Selecciona diferentes fontes, especialmente internet, desde un punto de vista crítico.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos creados, argumentado as mudanzas e propoñendo alternativas a partir dos coñecementos adquiridos, por exemplo co emprego de parénteses e comiñas.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece os aspectos básicos de comportamento da lingua. Emprega estas ferramentas nun correcto uso da linguaxe.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Mantén o espírito crítico fronte á manipulación informativa.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Muda os elementos discriminatorios da lingua tanto de índole sexista como racial.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Selecciona razoadamente lecturas a partir dunha lista ofrecida na aula.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Resume e valora de xeito argumentativo as obras lidas, clasificando o seu xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

Contidos

- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A LOMLOE é unha lei que presta unha atención fundamental á diversidade do alumnado. Iso esixe que mudemos algunha das nosas prácticas ou que potenciemos outras que xa aplicabamos na aula. Alén diso, a lei pídenos que formemos cidadáns e cidadás libres e que o fagamos de xeito global. En definitiva, que sexamos educadores. Polo tanto, para iso habemos procurar unha educación integral, orientada a formar persoas críticas, participativas, comprometidas e éticas. Na nosa materia iso implica analizar tamén como a estrutura da lingua representa dominio e contén valores patriarcais e racistas. Será o noso deber axudar a corrixilos e amosar que esas realidades de dominación e subalternización tamén se exercen contra os falantes do galego.

A lei ten claro ademais que no proceso ensino-aprendizaxe non debemos esquecer o desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social na loita por construír un mundo mellor. É por iso que se esixe un proxecto conectado coa realidade mediante a aprendizaxe competencial.

Na procura do anterior, cada unidade didáctica da programación organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto) motivadora real e próxima ao alumnado.

As unidades seguen unha ruta didáctica de catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno para que tome conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

Metodoloxicamente ademais habemos procurar:

- Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante.
- Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade do alumnado.

-Enseño dixital, xa que resulta imprescindible no momento actual desenvolver a competencia dixital do alumnado, non só como ferramenta de ensino e aprendizaxe, senón para evitar quebras e diferenzas entre el. No caso da lingua galega é fundamental que o alumno se familiarice cos recursos en galego. Farémolo para que os empregue e enriqueza, tendo en conta que adoitan estar bastante máis ocultos que os doutras linguas.

-Enfoque multidisciplinar. A LOMLOE lémbra-nos a visión global do ensino, polo que as decisións do claustro ou os acordos interdepartamentais han procurar esa ollada interdisciplinar básica. Procuramos unha aprendizaxe significativa que permita interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais. Este tratamento resulta especialmente útil para a nosa materia co Tratamento Integrado das Linguas (TIL), compartido cos distintos departamentos de linguas aspectos metodolóxicos, metalingüísticos e mesmo materiais.

Tamén entraría dentro desta multidisciplinariedade a apertura ao mundo da lusofonía, incluída a cultura e a posibilidade de realizar intercambios culturais. Por suposto, aquí ha estar presente, ademais, o apoio e participación das actividades do Equipo da Biblioteca e do Equipo de Dinamización Lingüística.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Asorey, Daniel e outros(2011) Lingua e literatura. Avanza 1º ESO. Santiago de Compostela. Obradoiro-Santillana (Material para fichas de apoio)
Carril, Ánxela e outros. (2022) Lingua e literatura, 1º ESO. Santiago de Compostela. Obradoiro-Santillana. (Libro de texto)
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporáneo de acordo com a nova ortografía. Rio de janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo. Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo. Xerais.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo. Xerais de Galicia
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos.. Vigo. Xerais
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo. Xerais de Galicia

Nas aulas o alumnado ten acceso a un encerado dixital. Alén diso, na biblioteca ten ao seu alcance outros recursos do centro como libros de lectura, xogos, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información e realizar traballos de investigación e tarefas.

Neste curso tamén empregaremos:

-Medios audiovisuais: ordenadores, filmes, cancións, encerados dixitais, canóns...

-Recursos dixitais: No noso centro destaca o portal do noso EDL, Movealingua, con presenza nas redes sociais Facebook e Instagram. No devandito portal colócanse boa parte das actividades que se desenvolven no CPI. Alén diso, empregaremos de xeito dixital dicionarios en liña, xornais dixitais como Praza pública ou Nós, do cal tamén existen exemplares en papel. Tamén accederemos de maneira dixital a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras, Digalego,), blogs, aplicacións etc.

- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

O centro dispón dunha axeitada accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida e o Equipo de orientación fornece de materiais relacionados coa diversidade. Se se precisa de material complementario para realizar unha actividade, o centro posúe unha aula de material a disposición do profesorado e do alumnado. De precisarmos material máis específico será solicitado á Consellería.

Alén do citado, tamén se recomendan outros recursos en formato dixital:

- Materiais da plataforma E-vocacion: <https://www.e-vocacion.es/biblioteca>
- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/diccionario/>
- Dicionario multilingüe Digalego: <https://digalego.xunta.gal/gl>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/diccionari
- Dicionário Aurélio da lingua portuguesa: <https://www.dicio.com.br/aurelio-2/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso realízase unha proba para comprobar os coñecementos previos dos alumnos e das alumnas de cada grupo. A proba é contestada polo alumnado no seu caderno. Nela trátanse aspectos de comprensión oral, comprensión escrita, produción oral e produción escrita. Á parte, inclúe diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores do nivel anterior.

Durante os primeiros días de clase as respostas son aportadas de xeito común. Esa proba debe quedar no caderno do alumnado e as súas preguntas han forman parte da materia do curso.

Os resultados da proba non afectarán ás cualificacións do alumnado, xa que esta busca adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe a cada grupo e individuo. Como sabemos, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Alén diso, e do resultado dos test do Departamento de Orientación que, pola súa pertinencia, se comuniquen na preavaliación, tamén se empregarán os informes individualizados do curso anterior para obter unha valiosa información sobre a situación de cada alumno/a.

Segundo os resultados, o docente debe tomar decisións metodolóxicas e mesmo mudar algún aspecto do inicialmente programado. Entre as medidas a tomar, poderán estar reconsiderar determinados grupos de reforzo, así como realizar ou non ACS ou outras pautas para atender á diversidade que veñen sinaladas no apartado 6.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	10	10	10	10	15	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

Á hora de avaliar, no Departamento Didáctico de Lingua galega e Literatura teremos en conta que, tal e como se indicou con anterioridade, os instrumentos de avaliación se distribúen da seguinte maneira: un 20 % a través de táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc), fronte a un 80 % a través de probas escritas. Aínda que xa está especificado nas distintas unidades, de xeito xeral, a metade do 20 % do valor das táboas (un valor do 10% da nota total) terá que ver coa expresión oral, na proba de valoración dun libro de lectura, e a outra metade coa lingua escrita, que computará outro 10% da nota total.

As probas obxectivas, en principio dúas por trimestre, salvo necesidades educativas especiais ou outros motivos que o desaconsellen, terán o valor dun 80% da nota. Para aplicar os criterios de cualificación ao longo de todo o curso, tomaranse como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica para cada un destes instrumentos de avaliación.

Nas probas obxectivas haberá, de maneira xeral, preguntas ligadas aos bloques B2 (Bloque de comunicación), B3 (Bloque de educación literaria), B4 (Bloque de reflexión sobre Lingua), así coma ao bloque B1, onde estea programado, a non ser que se faga unha proba específica para algún bloque concreto. Porén, as rúbricas cualificadoras anteriores poderán ser modificadas, atendendo ás necesidades das mozas e mozos. Daquela, o reparto da puntuación poderá variar en función do desenvolvemento trimestral dos diferentes bloques de contido.

Realizaranse tres avaliacións ordinarias e unha final, que será a media aritmética de todas as avaliacións.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel, aplicando a ponderación entre elas. Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior, tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperación no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas. De copiar nunha proba escrita, esa proba será valorada cun 0.

As incorreccións lingüísticas e ortográficas terán unha penalización que se reflectirá na cualificación de cada proba. Por este motivo, poderase aplicar unha penalización na cualificación que implica a perda da puntuación da derradeira pregunta do exame (1-2 puntos máximo). De igual xeito, todas as respostas ás probas tanto orais como escritas deberán ser contestadas en lingua galega, podendo darse a causa de que o alumno ou alumna non supere a proba por este motivo.

O profesorado valorará no apartado de actitude o esforzo no traballo diario, a atención, a participación, o respecto cara á lingua dentro dos criterios de avaliación que foron marcados na programación.

A valoración da lectura comprensiva das obras de lectura obrigatoria realizarase habitualmente de xeito oral e valorarase mediante unha táboa de indicadores cun mínimo dun 10% da nota da avaliación.

Criterios de recuperación:

Ao remate de cada avaliación haberá unha recuperación para o alumnado que non superase o trimestre. A 1ª e 2ª avaliación terán as recuperacións ao comezo da seguinte avaliación e, no caso de non ser aprobadas,

nunha recuperación final en xuño. A 3ª avaliación recuperarase directamente na recuperación final de xuño. Nesta recuperación só participará o alumnado con algunha avaliación suspensa. Poderase e deberase recuperar calquera traballo non entregado ou que fose cualificado como insuficiente.

O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas terá a posibilidade de facelo noutra data, sempre que a ausencia estea debidamente xustificada.

A recuperación final de xuño contara con partes diferenciadas para recuperar cada avaliación. Para poder aprobar este exame, a nota mínima debe ser de 5 en cada unha das avaliacións suspensas.

Dende a entrega das medias dos resultados da terceira avaliación ordinaria e a recuperación final, seguirase desenvolvendo a programación e realizaranse actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación. Nese sentido, para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, a/o docente realizará un breve informe de avaliación individualizado.

A avaliación final será o resultado das cualificacións positivas obtidas polo alumnado en cada avaliación ao longo do curso e, no seu caso, das cualificacións obtidas nas partes recuperadas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con materias pendentes debe realizar ao longo do curso exercicios e actividades propostas polo departamento para acadar os obxectivos e competencias que non se conseguiran anteriormente. Estas actividades formarán un plan de reforzo que o profesor ou profesora irá revisando, para avaliar que as competencias vaian sendo adquiridas polo alumnado. Este plan e traballo será proposto polo docente que imparta no nivel que o alumno ou alumna ten suspenso, de acordo tamén co profesor ou profesora que imparta no nivel que curse o alumno actualmente.

No plan de reforzo incluíranse:

a) Nome da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente.

c) O Currículo e os criterios de avaliación, que serán os establecidos na PD, porén, pódense facer modificacións, se considera preciso ante necesidades educativas do alumnado.

d) Estratexias metodolóxicas que se empregarán e serán distintas ás usadas habitualmente co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o siga implicada/o na materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento: computadores portátiles, impresoras, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Así mesmo, empregaranse outros medios dixitais como a aula virtual.

f) Tarefas para desenvolver, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso en que se atope actualmente para seren corrixidas e, ao mesmo tempo, para poder consultar e resolver dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións virtuais ou presenciais na hora de atención ao alumnado e ás familias. Poderanse utilizar medios telemáticos (aula virtual e outros medios dixitais).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estea escolarizado o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno

debe obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aquelas actividades que non sexan susceptibles da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, as mozas e mozos deberán realizar dúas probas extraordinarias, nos meses de xaneiro e maio. O alumnado que aprobe a primeira metade en xaneiro só deberá realizar en maio a segunda parte. Aqueles que en xaneiro non superen a proba deberán examinarse en maio da totalidade dos contidos.

Con todo, de non superar as probas, ao considerarmos no departamento didáctico que a materia de Lingua galega e literatura implica unha avaliación de coñecementos, procedementos e competencias continuada, este seminario indica que, logo de facer as actividades e procedementos propostos no plan de reforzo, se o alumnado aproba dúas avaliacións dun nivel superior ao do curso pendente, quedaría aprobado o nivel anterior. Esta condición estaría sempre vinculada á realización dos procedementos e actividades propostas polo departamento no plan de reforzo que han incidir en competencias ou contidos que sexan de exclusivos ou fundamentais no curso pendente. De non realizar as actividades do plan de traballo, o alumnado debería superar as probas obxectivas que o departamento realice para a superación de pendentes.

De maneira xeral, para o alumnado coa materia pendente utilizaranse os mesmos instrumentos de avaliación e as mesmas porcentaxes que para o resto do alumnado.

6. Medidas de atención á diversidade

A LOMLOE deixa claro que o proceso de ensino aprendizaxe debe valorar a diversidade, porque reflicte a vida mesma e é motivo de enriquecemento persoal e colectivo. A valoración e respecto pola diversidade debe ser un dos signos que marquen o noso labor nas aulas: distintos enfoques, distinto alumnado, distintos camiños para atender esas diferenzas que fan o mundo mellor. Esa atención á diversidade ha de ser tratada baixo os principios da equidade, calidade e igualdade de oportunidades, sempre baixo a óptica da non discriminación, da integración, da accesibilidade e da cooperación. Son moitas as pautas coas que a nova lei enfoca a diversidade, e abranguen moitos campos, dende a vulnerabilidade socioeducativa ata trastornos de desenvolvemento da linguaxe ou da aprendizaxe, pasando polas altas capacidades. Será o noso deber tentar achegarnos a ese mundo plural e rico que o alumnado nos ofrece e tamén aprendermos del.

Un dos puntos para chegarmos á diversidade será a avaliación inicial, dende a cal tomaremos certas medidas de seguimento e atención, algunhas das cales poden ser extraordinarias e outras ordinarias. Entre as medidas de atención á diversidade destacan.

1. Plan de atención ao alumnado que permanece máis dun ano no curso.

Este plan debe ser revisado cada sesión de avaliación e debe incluír:

- a) Nome da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas xa no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se empregarán.
- e) Recursos necesarios, especificando, se fose preciso, a oferta de medidas extraordinarias.
- g) Información á familia.

2. Medidas ordinarias de atención á diversidade.

De xeito habitual, imos prestar atención á diversidade en tres niveis: na programación, na metodoloxía e nos materiais. Nas aulas concretarase:

- a) Investigación sobre temas concretos, exposicións, lecturas... para os máis avanzados.
- b) Resumos, materiais de apoio e reforzo, traballo sobre temas nos que teñan especial interese... para o alumnado con dificultades.

Correspóndelle ao profesorado determinar o momento de aplicación destas actividades. Así, ademais do libro de texto, é fundamental a selección de materiais empregados na aula: obras literarias, antoloxías, dicionarios, materiais complementarios de reforzo e ampliación...

En función dos datos achegados pola avaliación inicial e do desenvolvemento da primeira avaliación, tamén se prevé a realización de accións de reforzo educativo para distintos alumnos e alumnas de 1º da ESO, de quen coñecemos o seu historial de dificultades de aprendizaxe a través do Equipo de Orientación do noso CPI ou por presentar algún tipo de diagnóstico, como o Trastorno de Atención e Hiperactividade (TDAH). En resumo, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade contémpanse:

- Horario específico con algunha hora semanal de apoio de profesorado para varias alumnas e alumnos de 1º da ESO, para os que se propón continuar con Reforzo.

Para o alumnado anterior procuraremos a adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, tamén de materiais didácticos, por exemplo, probas escritas e libros de lectura. Ademais, será importante a organización da aula segundo as características e as necesidades do alumnado descrito. No comezo de curso, o Departamento de Orientación, en coordinación co profesorado de cada curso e coa titoría da aula correspondente, decidiu reservar os postos máis visibles e próximos á mesa do profesorado para aquel alumnado que citamos neste apartado.

Alén diso, para o alumnado con reforzo educativo hanse procurar acurtar as actividades longas e empregar estratexias para captar a atención inicial. Estas mozas e mozos requirirán supervisar frecuentemente a realización das tarefas que han ser variadas e dinámicas, así como realizar reforzos e apoios visuais. Por suposto, deberase empregar o reforzo positivo e acadar a complicidade e o apoio dalgún alumno ou alumna para que os axude na realización das tarefas ou na explicación de conceptos.

Do mesmo xeito, o alumnado con reforzo vai recibir atención nos instrumentos de avaliación. Estes han mudar, empregando distintas formas de avaliación e diversas presentacións: emprego de tipoloxía de letra clara, cambio nos espazos das preguntas, etc Tamén poderemos dar diferente duración nas probas e realizaremos preguntas breves, claras e con vocabulario simple... Alén diso, de igual xeito, hase posibilitar que o alumnado poida recuperar, logo da avaliación, os exames suspensos.

3. Medidas extraordinarias de atención a diversidade

A estas alturas do curso non sabemos se se contará con medidas como ACS para algún alumno ou alumna de 1º da ESO, con autorización previa da inspección educativa. De selo, o tipo de adaptación probablemente requiriría que o alumnado saise algunha hora da aula para recibir apoio de profesorado de PT. A avaliación do alumnado sería realizada polo profesorado que imparte a materia, con achegas do de apoio. As cualificacións expresaríanse nos mesmos termos que os establecidos na normativa xeral que regula a avaliación na ESO. Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serían os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ou titulación.

A información sobre as avaliacións que se lles facilitase ás familias reflectiría as cualificacións obtidas, segundo os criterios de avaliación que constan nas correspondentes adaptacións curriculares.

De se realizar, na ACS do alumnado adaptaríanse non só os contidos, senón os criterios de avaliación. Os contidos serán os establecidos nos mínimos de consecución e os criterios de avaliación serán avaliados tendo en conta a redución das porcentaxes indicadas da ACS.

Alén de todo o indicado anteriormente, o profesorado debe detectar calquera tipo de necesidade educativa especial. Habemos prestarlle atención ao alumnado que a requira pola súa diversidade en distintos campos, englobando neles tamén a identidade, a diversidade afectivo sexual ou de orixe, para impedir tamén discriminacións transfóbicas, xenófobas ou homófobas. Para iso terase en conta a colaboración dos titores e titoras e do equipo de Orientación. Entre os metodos que se empregarán de cotío estarán :

- Avaliacións
- Informes dos titores anteriores.
- Cuestionario previo para os alumnos e alumnas.
- Entrevista individual.
- Entrevista cos pais e nais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A competencia dixital						X		X
ET.2 - A comunicación audiovisual			X		X		X	
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico								X
ET.4 - A educación emocional e en valores		X					X	
ET.5 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable								X
ET.8 - O emprendemento social e empresarial								X
ET.9 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A competencia dixital	
ET.2 - A comunicación audiovisual	
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	
ET.4 - A educación emocional e en valores	

	UD 9
ET.5 - A igualdade de xénero	X
ET.6 - A creatividade	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial	
ET.9 - A comprensión lectora	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O escritor e a súa obra	Trátase dunha visita dun escritor ou escritora ao noso CPI. A rapazada participará nun obradoiro/charla dunha escritora ou escritor que teña un do libro que leramos, ben nos club de lectura, ben na listaxe de libros da materia.	X	X	X
Os xenerais da Ulla	Participación e asistencia ás regueifas dos xenerais do Ulla se o concello as organiza nas xornadas previas ás vacacións de entroido.		X	
Visita literaria a Compostela	O alumnado participará nunha visita guiada pola cidade de Santiago, onde descubriremos, non só aspectos históricos, senón que faremos un percorrido literario.			X
As nosas letras	Participación nas actividades que o noso EDL Movealingua faga en relación á figura de Luísa Villalta, a quen se dedican as Letras Galegas de 2023.			X

Observacións:

Participarase en todas nas actividades que xordan no centro vinculadas ao "Ano do bosque", que centra este curso académico no noso CPI.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

9.	Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as adaptacións necesarias.
15.	Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada na programación.
16.	Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
19.	As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido e entregadas ao alumnado.
Metodoloxía empregada	
6.	As explicacións foron claras, amenas e comprensibles.
7.	Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
17.	Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
20.	O alumnado avaliou a práctica docente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos	
4.	Despois da avaliación inicial e das distintas avaliacións, fíxose o seguimento do alumnado ao longo do curso.
8.	O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
Medidas de atención á diversidade	
2.	Demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e inquiredanzas do alumnado.
3.	Atendeuse a diversidade do alumnado, empregando os protocolos correspondentes.
Clima de traballo na aula	
1.	Propiciouse un ambiente acolledor e motivador na aula.
13.	Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado que non podía asistir temporalmente ao centro.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais	
5.	O alumnado foi informado detalladamente dos criterios, instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
10.	Estableceuse unha comunicación constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo
11.	Participouse nas actividades do EDLG Movealingua e do Equipo de Biblioteca.
12.	Colaborouse cos distintos Clubs de lectura do centro.
14.	Informouse aos titores, departamento de orientación e mesmo equipo directivo daquelas cuestións nas que debían ser oídos.
18.	Informouse con regularidade ás familias.

Descrición:

Estes indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 4.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

É o noso deber coñecer se conseguimos o que propoñiamos na programación. Para iso elaboramos uns medidores de logro que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 4.

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos e das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada
3. Os materiais, recursos didácticos e metodoloxía utilizados foron axeitados.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os axeitados.
6. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado.
7. Traballáronse os contidos transversais e realizáronse as actividades complementarias.
9. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento e. avaliouse o seu cumprimento.
10. Realizaáronse propostas para mellorar e emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

Os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados